



O concepto de dinamización e o papel do dinamizador(a) lingüístico

Anxo M. Lorenzo Suárez
Universidade de Vigo

1º Seminario de Dinamización Lingüística no
Ensino - Novembro 2006



- 1. A dinamización lingüística como concepto práctico**
 - 1.1. Definicións de dinamización lingüística
 - 1.2. O dinamizador(a) lingüístico
 - 1.3. Os aspectos centrais da dinamización lingüística

- 2. A dinamización da lingua galega no contexto educativo galego: dificultades e oportunidades**

- 3. Pautas para a dinamización lingüística nos centros educativos**
 - 3.1. Análise da situación de partida: elementos centrais
 - 3.2. Contidos: areas de intervención, actividades, recursos e ferramentas
 - 3.3. A elaboración de plans de dinamización: contidos e estratexias

- 4. Remate**

1. A dinamización lingüística como concepto práctico



Índice

- 1.1. Definicións de dinamización lingüística
- 1.2. O dinamizador(a) lingüístico
- 1.3. Os aspectos centrais da dinamización lingüística



Ⓜ Política lingüística

➤ Xeral

➤ Sectorial

● (...)

● Ensino non universitario:

⊕ Planificación lingüística escolar:

» (...)

» Dinamización (socio)lingüística (DL)

1.1. Definición de dinamización lingüística



⊗ A DL no marco da normalización lingüística:

- 1) Concibimos a normalización dunha lingua non como un conxunto establecido de actuacións, senón como un proceso dinámico gradual de carácter sociocultural, no que unha lingua nunha situación non desexada de partida chega a adquirir unha situación de plenitude que é percibida como natural.

1.1. Definición de dinamización lingüística



⊗ A DL no marco da normalización lingüística:

- 2) Partimos da base de que os procesos de evolución lingüística no caso de linguas en situación de minorización nunca son procesos naturais e, xa que logo, para remontar unha situación adversa, hai que tomar unha serie de medidas de intervención que intenten cambiar o curso dunha evolución pretendidamente "natural".

1.1. Definición de dinamización lingüística



Ⓢ A DL no marco da normalización lingüística:

3) Consideramos que as medidas interventivas concretas, aínda que importantes nelas mesmas, son totalmente ineficaces de non estaren integradas en plans sistemáticos que inclúan:

- a explicitación exhaustiva dos obxectivos;
- unha planificación rigorosa das medidas e actuacións coas que se pretende alcanzar os obxectivos.

1.1. Definición de dinamización lingüística



⊗ A DL no marco da planificación lingüística:

- A planificación lingüística é un instrumento (técnico) ao servizo dunha determinada política lingüística (explícita) para conseguir obxectivos relacionados mediante a intervención institucional organizada sobre o cambio lingüístico e o uso das linguas.

1.1. Definición de dinamización lingüística



Definición de DL:

- A dinamización lingüística consiste na aplicación sistemática dun conxunto de estratexias, técnicas e recursos que permitan xerar, xestionar e avaliar un proceso participativo de cambio lingüístico nun colectivo determinado e definido por unhas características comúns.

1.1. Definición de dinamización lingüística



- ⊗ O noso punto de partida é que as accións planificadoras deben tender a incidir nunha acción integrada, onde todas as liñas de acción desenvolvidas teñan un obxectivo que cumprir, e que contén para levalas adiante co artellamento dun conxunto definido de actividades que abranguan os eixes de actuación definidos previamente.

1.1. Definición de dinamización lingüística



- ⓐ Con ese punto de partida, desde a dinamización lingüística (DL) debemos orientar boa parte do esforzo de restauración social da lingua galega cara a dous tipos de actividades:
 - a) as que fomenten a extensión e a diversidade dos usos da lingua galega;
 - b) as que tendan a incidir con decisión na desactivación dos estigmas e prexuízos sociolingüísticos que aínda pesan sobre a lingua galega.

1.1. Definición de dinamización lingüística



- ⊗ Contamos cunha lexislación lingüística xeral e enfocada ao ámbito educativo, lexislación que debemos coñecer.
- ⊗ Pero debemos ter moi claro que, tendo en conta esa lexislación, a DL será un proceso voluntario e participativo.
- ⊗ Polo tanto, debemos saber que as ferramentas que usemos para levar a cabo as actividades (ou mesmo un plan de DL) será froito da negociación, do pacto e do consenso.
- ⊗ E para conseguilo, deberemos utilizar un argumentario claro, e os mecanismo do convencemento e da sedución.

1.2. O perfil do dinamizador(a) lingüístico



- ⊙ Quen debe ser o dinamizador lingüístico e cal debe ser o seu perfil?
 - A nivel xeral e social, todos somos axentes activos dun cambio lingüístico. Nos centros educativos, tamén todos os implicados deben participar do proceso de DL, e en consecuencia, todo somos dinamizadores. Agora ben:
 - O ENL debe asumir o papel central do proceso.
 - Hai que sumar a este proceso ao equipo directivo, ao gabinete de orientación, a unha parte substancial do Claustro e ao Consello Escolar.
 - Hai que contar coa simpatía e complicidade da ANPA.

1.2. O perfil do dinamizador(a) lingüístico



- ④ Con respecto ao perfil, tendo en conta que estamos ante un proceso voluntario e participativo, debemos buscar nos dinamizadores lingüísticos:
 - capacidade de argumentación, de negociación e de chegar a acordos co resto da comunidade educativa.

1.3. Os aspectos centrais da dinamización lingüística



- ⊙ Pódese facer moito máis do que parece nos centros educativos. Xa se está facendo moito, sen dúbida, pero convén ter presente que ás veces, cousas pequenas se converten co paso do tempo en grandes logros.
- ⊙ A influencia das actividades de dinamización vese a medio e longo prazo: non esperemos sempre cambios inmediatos das condutas lingüísticas (usos e actitudes).
- ⊙ Do que se trata, no fondo, é de ir consolidando liñas de traballo e de actividades que van permitir dotar ao galego dunha vitalidade alta entre a comunidade escolar, e iso terá un efecto beneficioso para os usos, as actitudes e o prestixio da lingua.

1.3. Os aspectos centrais da dinamización lingüística



- ⊙ Ademais, convén ter presente dous aspectos:
 - Estamos propoñendo un proceso voluntario, non obrigativo nin impositivo. Temos que sumar vontades e adeptos, non queremos persoas obrigadas. Polo tanto, debemos contar coa sedución e o convencemento.
 - É moi difícil facer mudar as condutas e as actitudes lingüísticas. Non podemos esperar resultados milagreiros (curto prazo). Trátase de converter o galego na lingua principal da vida dos centros escolares e que esa ambientalidade lingüística favorable acabe axudando a modificar percepcións e condutas de todos os implicados no proceso educativo.

1.3. Os aspectos centrais da dinamización lingüística



- Ⓜ Outros aspectos para ter en conta na DL:
 - Normativos e legais: marco legal en vigor.
 - Xurídicos (dereitos lingüísticos).
 - De márketing.
 - De psicoloxía social (dinámica de grupos, etc.).

1.3. Os aspectos centrais da dinamización lingüística



a) Obxectivos xerais:

- Estender e optimizar o uso da lingua galega nos centros educativos.
- Modificar os comportamentos lingüísticos:
Un dos obxectivos centrais da dinamización é tentar incidir nos *comportamentos lingüísticos públicos (institucionalizados) e interpersoais*, comportamentos moi fixados cultural e socialmente, e moi rutinizados interactivamente, mentres que a esfera dos usos e comportamentos íntimos ou particulares de cada individuo quedan, en principio, fóra dos nosos obxectivos de traballo.
- Conseguir un cambio de imaxe que permita acadar cotas máis alta de prestixio para a lingua galega.
- Incentivar o ritmo vivo da lingua: o galego, lingua con plena vitalidade e de proximidade aos destinatarios/as.
- Implicar a todos os axentes escolares neste proceso.
- Sobardar o escenario educativo e escolar e contribuír á dinamización lingüística do contorno.

1.3. Os aspectos centrais da dinamización lingüística



b) Actividades:

- As actividades dinamizadoras supoñen unha intervención consciente en varias liñas centrais de traballo:
- Accións centradas na produción lingüística en galego (oralidade e escrita):
 - Comunicacions institucionalizadas.
 - A vida cotiá do centro.
 - Liñas de actuación externas.
- Accións que tendan a promover actitudes favorables cara ao galego e cara ao cambio lingüístico.
 - Presenza permanente da lingua galega no centro: facer do galego unha lingua 'próxima'.
 - Ambientalidade lingüística predominantemente galegófona.
- Actuacións centradas en difundir os contidos de sociolingüística e de contacto de linguas que se imparten no currículo do centro.

2. A dinamización da lingua galega no contexto educativo galego: dificultades e oportunidades



Ⓜ Dificultades:

- Moitas!
- Diagnóstico do PXNLG.

Ⓜ Oportunidades:

- PXNLG.
- Nova política lingüística institucional.
 - Actualización do Decreto 247/1995.



Índice

- 3.1. Análise da situación de partida: elementos centrais
- 3.2. Contidos: areas de intervención, actividades, recursos e ferramentas
- 3.3. A elaboración de plans de dinamización: contidos e estratexias

3.1. Análise da situación de partida: elementos centrais



- ④ É fundamental coñecer e detectar os elementos sociolingüísticos centrais do centro educativo e do seu contorno significativo:
 - Situación sociolingüística dos sectores implicados
 - Historia da NL no centro
 - Historia do ENL
 - Receptividade dos órganos de decisión do centro
 - Etc.

3.1. Análise da situación de partida: elementos centrais



- ② É necesario coñecer polo miúdo a dinámica social, laboral e mesmo persoal (tanto externa coma interna), do ámbito organizativo que se vai dinamizar.
 - Ese coñecemento de primeira man e en profundidade aforrará tempo e permitirá centrar puntos clave do labor dinamizador.

3.1. Análise da situación de partida: elementos centrais



Algunhas recomendacións:

- 1) É interesante dispoñer de datos de tipo cuantitativo e cualitativo, sempre que sexa posible.
 - Para iso debemos levar adiante un proceso de recollida de datos que sexa asumible humana e economicamente, e que achegue información sinxela e manexable, centrada nos aspectos que poidan interesar para os nosos obxectivos dinamizadores.
 - ✦ Cómpre fuxir, xa que logo, de traballos de campo moi longos e que aportan moita información inservible para as nosas tarefas de DL.

3.1. Análise da situación de partida: elementos centrais



Algunhas recomendacións:

2) Pode ser moi útil metodoloxicamente empregar instrumentos de observación participativa.

- A observación participativa é unha técnica de recollida de datos que pode facilitar e mellorar a implicación dos axentes dinamizadores nas actividades do colectivo no que se vai intervir.
- O coñecemento das dinámicas internas permitirá un achegamento máis completo á textura e aos compoñentes principais do colectivo, así como ás principais necesidades de cambio lingüístico.

3.1. Análise da situación de partida: elementos centrais



Algunhas recomendacións:

- 3) Coñecemento dos axentes sociais centrais e dos líderes de opinión e 'persoeiros' con influencia, que poden axudar no progreso das actividades dinamizadoras e que poidan influír poderosamente no éxito ou no fracaso das iniciativas.

3.1. Análise da situación de partida: elementos centrais



- ② En que tipo de centro imos desenvolver a DL?
- ② En que situación sociolingüística se atopa o centro?
- ② Tipoloxía de situacións sociolingüísticas escolares de referencia:
 - Situación A, B e C.

3.1. Análise da situación de partida: elementos centrais



Ⓜ Situación escolar A:

- O proceso de galeguización avanza cun desenvolvemento satisfactorio.
- Os acordos que se toman sobre o tratamento e uso das linguas son froito dunha reflexión conxunta e no exercicio da tarefa docente aplícanse uns criterios comúns.

3.1. Análise da situación de partida: elementos centrais



@ Situación escolar B:

- O proceso de galeguización evoluciona con algunhas dificultades ou hai tempo que non se revisa.
- As canles de comunicació establecidos entre o profesorado non funcionan axeitadamente. Hai grupos de docentes que traballan en equipo para progresar no proceso iniciado e chegan a acordos sobre determinados aspectos da docencia, pero os seus criterios non son compartidos pola totalidade do claustro.

3.1. Análise da situación de partida: elementos centrais



@ Situación escolar C:

- O proceso de galeguización vaise iniciar só para cumprir a normativa vixente e/ou evoluciona con moitas dificultades.
- Non hai canles de comunicación regular entre o profesorado. No exercicio da tarefa docente actúase segundo o criterio persoal de cada un e individualmente, ou en grupos pequenos, inténtase iniciar o proceso de normalización ou favorecer as condicións para o seu bo desenvolvemento.

3.1. Análise da situación de partida: elementos centrais



④ Ámbitos internos:

- Ámbito 1. Técnico-administrativo
- Ámbito 2. Docente
- Ámbito 3. Recursos humanos e materiais
- Ámbito 4. Servizos escolares:
comedor/cafetaría
- Ámbito 5. Actividades complementarias e
extraescolares
- Ámbito 6. Persoal de administración e
servizos

3.2. Contidos: areas de intervención e actividades



- ④ **Ámbito 1. Técnico-administrativo**
 1. Funcionamento dos órganos de xestión do centro.
 2. Documentación.
 3. Ambientación e rotulación.
 4. Lingua e uso entre os diferentes sectores escolares.
 5. Proxección exterior e relacións interescolares.

3.2. Contidos: áreas de intervención e actividades



☉ Ámbito 2. Docente

1. Lingua de aprendizaxe.
2. Aplicación de programas lingüísticos específicos e/ou de modelos que garantan a calidade da aprendizaxe da lingua.
3. Tratamento curricular das linguas.
4. Lingua vehicular das diferentes áreas que integran o currículo escolar.
5. Situacións de uso da lingua por parte do profesorado.
6. Situacións de uso da lingua por parte do alumnado.
7. Actividades docentes que se realizan fóra do ámbito escolar coa intervención do profesorado.

3.2. Contidos: areas de intervención e actividades



④ **Ámbito 3. Recursos humanos e materiais**

1. Formación lingüística do profesorado.
2. Organización do persoal docente por razón do ensino e aprendizaxe da lingua.
3. Organización e uso dos recursos materiais e didácticos.
4. Distribución dos recursos económicos.

3.2. Contidos: áreas de intervención e actividades



- ④ **Ámbito 4. Servizos escolares: comedor/cafetaría**
 1. Infraestrutura organizativa.
 2. Lingua vehicular.
 3. Competencia lingüística dos monitores/as e/ou dos responsables da cafetaría.

3.2. Contidos: áreas de intervención e actividades



④ **Ámbito 5. Actividades complementarias e extraescolares**

1. Actividades complementarias.
2. Actividades extraescolares.
3. Competencia lingüística do profesorado e/ou monitores/as que interveñen no desenvolvemento das actividades.

3.2. Contidos: áreas de intervención e actividades



④ **Ámbito 6. Persoal de administración e servizos**

1. Competencia lingüística do persoal de servizos: conserxe e/ou recepcionista.
2. Competencia lingüística do persoal administrativo.

3.2. Contidos: áreas de intervención e actividades



- ④ Usos lingüísticos na escola:
 1. Os usos lingüísticos nas comunicacións internas e externas.
 2. Os usos lingüísticos na docencia
 3. Os usos lingüísticos nos servizos escolares e nas actividades complementarias e extraescolares.

3.2. Contidos: áreas de intervención e actividades



1. Os usos lingüísticos nas comunicacións internas e externas (1/2)

- a) Rotulación e ambientalidade: rótulos informativos, taboleiros de anuncios, identificación corporativa do centro, selos e carimbos, etiquetaxe dos elementos de arquivos, etc.
- b) Comunicacións formais e documentación interna: reunións do profesorado, correspondencia coas institucións de Galicia, certificacións, informes, documentos de xestión, convocatorias e actas de reunións, follas de nóminas, programas informáticos, etc.

3.2. Contidos: areas de intervención e actividades



1. Os usos lingüísticos nas comunicacións internas e externas (2/2)

- c) Comunicacións entre o profesorado e as familias: uso escrito: correspondencia, convocatoria de reunións, informes académicos, follas de matriculación, faltas, impresos, etc.; usos orais: reunións ordinarias, entrevistas, etc.
- d) Proxección escolar e relacións interescolares: revista escolar, edición de folletos e de cartaces informativos, comunicacións formais con institucións. organismos ou entidades culturais, relación co contorno, relación con outros centros escolares, divulgación de experiencias escolares, etc.

3.2. Contidos: areas de intervención e actividades



2. Os usos lingüísticos no docencia

- a) Uso do galego coa alumnado, dentro e fóra da aula.
- b) Libros de texto e material didáctico.

3.2. Contidos: áreas de intervención e actividades



3. Os usos lingüísticos nos servizos escolares e nas actividades complementarias e extraescolares

- a) Usos orais do persoal de administración e servizos.
- b) Uso do galego nos servizos escolares (comedor e cafetería, transporte, gabinete de orientación, etc.).
- c) Uso do galego nas actividades complementarias e extraescolares.
- d) Contratación de servizos.

3.2. Contidos: areas de intervención e actividades



④ Ámbitos externos:

- Imbricación no contorno asociativo, social e económico.

3.3. Estratexias, recursos e ferramentas



© Estratexias:

- Persoal: convencer e seducir; o importante é sumar persoas e esforzos aos proxectos dinamizadores, evitando na medida do posible ter persoas ou grupos en contra.
- Procedemental: estratexia participativa.
- Comunicacionais: as estratexias de comunicación poden condicionar os resultados.
 - Elaboración dun argumentario: necesidade da dinamización; en que vai consistir; alcance, etc.
 - Elementos de comunicación: o argumentario hai que difundilo axeitadamente.
 - Perfil do dinamizador: formación (e reciclaxe), actitudes e ferramentas que debe posuír o dinamizador(a) para levar a cabo este proceso.



Ⓜ Recursos e ferramentas:

➤ Asesoramento e coordinación: por parte da administración educativa e de Política Lingüística:

- Coordinadores/as provinciais.
- Coordinación desde a SXPL.
- Ferramentas web dispoñibles.
- Intercambio de experiencias entre centros distintos.
- Actividades de formación e de reciclaxe.

3.4. A elaboración de plans de dinamización: contidos e estratexias



Ⓢ Que é un plan:

- Delimitación de actuacións claramente desenvolvido e estruturado temporalmente.
- Debe figurar todo o desenvolvemento da acción dinamizadora.
- Con respecto á organización e á delimitación do plan, cómpre ter en conta varios aspectos.

3.4. A elaboración de plans de dinamización: contidos e estratexias



- ④ Elementos para a confección dun plan de DL:
 - Diagnóstico cuantitativo e cualitativo.
 - Fixación de liñas estratéxicas, obxectivos e actuacións concretas.



Ⓜ Características xerais dos plans de DL:

- a) Artellar plans realistas. Cómpre artellar plans de DL que os axentes dinamizadores poidan desenvolver de principio a fin.
 - Ademais, deberemos fuxir do rutinarismo na elaboración dos plans, porque cada organización, colectivo, entidade, etc. ten a súa propia dinámica, que hai que coñecer de antemán para planificar as accións a levar a cabo en función desas características.



Ⓢ Características xerais dos plans de DL:

- b) Artellar plans sinxelos. Hai que evitar a burocracia excesiva (por exemplo, papeleo innecesario, moitas reunións sen obxecto claro, redacción continua de informes, etc.), sendo flexibles na medida do posible coa implementación do programa dinamizador.



⊗ Características xerais dos plans de DL:

- c) Establecer claramente os ámbitos de actuación. Débese establecer unha delimitación pormenorizada dos ámbitos concretos de actuación dinamizadora, de acordo coas prioridades establecidas e os medios, sobre todo humanos e económicos, dos que se vai dispoñer, e tamén en función da incidencia e rendibilidade social das intervencións.
- Xa que os medios humanos, económicos e materiais van ser sempre cativos e limitados, cómpre ter moi claras as prioridades e polo tanto é necesario desenvolver accións que, tendo calado social, se poidan levar adiante con certas garantías de éxito.
 - As frustracións que provocan iniciativas ambiciosas en exceso e que non se dan rematado inciden con frecuencia nunha desmobilización e apatía que poden frustrar iniciativas colectivas futuras.



Ⓢ Características xerais dos plans de DL:

- d) Artellas mecanismos de avaliación. É necesario contar, nas distintas fases de elaboración e de posta en práctica do plan, cun apartado dedicado á avaliación, para garantir o cumprimento dos distintos obxectivos do programa.



Ⓢ Características xerais dos plans de DL:

Resumo: debemos artellar plans de DL realizables, adecuados á organización ou colectivo que imos “dinamizar”, que a aplicación do plano sexa flexible, e que avaliemos continuamente a súa posta en práctica e os seus resultados.



© Descarga desta presentación:

➤ <http://webs.uvigo.es/alorenzo>

© Grazas!!!!